

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 19 de febreiro de 2008 pola que se establece o prazo de presentación de solicitudes para a admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos, nas ensinanzas de bacharelato, para o curso académico 2008-2009.

Pola Orde do 17 de marzo de 2007 regúlase o procedemento para a admisión do alumnado, entre outras ensinanzas, no bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos. No artigo 9 desta orde determínase que o prazo de presentación de solicitudes de admisión será do 1 de marzo ao 31 de marzo; no artigo 35.2º que a resolución provisional de admitidos e excluídos deberá ser publicada con anterioridade ao 30 de abril, e no artigo 52.b) que o prazo ordinario de matrícula será do 25 de xuño ao 10 de xullo.

No próximo curso académico 2008-2009 implántanse as ensinanzas do 1º curso do novo bacharelato regulado pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e o Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas. Tendo en conta que nas novas ensinanzas do bacharelato se produce unha modificación nas súas modalidades e vías, parece oportuno modificar para estas ensinanzas, e exclusivamente para o próximo curso académico 2008-2009, os prazos de solicitude de admisión nos centros docentes sostidos con fondos públicos, así como os de publicación das listaxes de admitidos e excluídos e de matrícula, coa finalidade de permitir que o alumnado e os seus pais, nais ou tutores legais coñezan, no momento de efectuar a solicitude de admisión, a regulación autonómica das novas ensinanzas e a oferta educativa de todos e cada un dos centros. En consecuencia, a partir do curso académico 2009-2010 volverán, estar vixentes os prazos establecidos na Orde do 17 de marzo de 2007.

Na súa virtude, no uso das facultades conferidas na disposición derradeira primeira do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Único.-Exclusivamente para o curso académico 2008-2009 e para as ensinanzas do bacharelato o prazo de presentación de solicitudes nos centros docentes sostidos con fondos públicos será do 17 de xuño de 2008 ao 2 de xullo de 2008. A publicación das listaxes provisionais de admitidos e excluídos realizárase con anterioridade ao 14 de xullo de 2008 e o prazo ordinario de formalización de matrícula será do 15 ao 30 de xullo de 2008.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 6 de febreiro de 2008 pola que se crean os ficheiros de datos de carácter persoal correspondentes ao portal das Pemes galegas Galiciapms da Consellería de Innovación e Industria.

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, así como o uso posterior destes datos polos sectores público e privado.

A finalidade desta regulación é protexer os dereitos fundamentais das persoas físicas e especialmente o seu honor e intimidade, tanto persoal como familiar.

A devandita lei, no seu artigo 20.1º, dispón que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio dunha disposición xeral publicada no BOE ou no diario oficial correspondente.

A Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información, conta entre as súas atribucións as que corresponden á planificación, coordinación, execución e seguimento das accións e liñas de apoio que, en política e materia de pequenas e medianas empresas, establece e dirixe cara á empresa e ao tecido industrial da comunidade autónoma.

Con esta finalidade preténdese implantar unha ferramenta chamada portal das Pemes galegas, en que se centralizará a información relevante que atinxe as pequenas e medianas empresas de Galicia.

En consecuencia, en virtude das facultades conferidas polo artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1998, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo,

DISPÓÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Mediante esta orde, a Consellería de Innovación e Industria crea os ficheiros automatizados de datos de carácter persoal correspondentes ao desenvolvemento do portal das Pemes galegas Galiciapms.